



XUNTA  
DE GALICIA

PROXECTO  
ABALAR

espazoAbalar  
Guía para os Centros



O **Proxecto Abalar**, é un compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa cidadanía galega, no ámbito da integración das TIC na práctica educativa, cuxo obxectivo principal é o de transformar os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais para:

- Acadar a plena alfabetización das TIC entre os profesores/as e alumnos/as galegos.
- Modernizar o sistema educativo galego.
- Mellorar a calidade da ensinanza en Galicia.
- Reducir o fracaso escolar.

O **Proxecto Abalar**, ademais de garantir a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC en todos os centros educativos coa entrega de ultraportátiles aos alumnos/as e a dotación de aulas dixitais por medio do portátil para o profesor/a, o encerado dixital interactivo e o proxector, os armarios de carga dos ultraportátiles e as redes Wifi, tamén se encargará de fomentar a cultura dixital por medio da formación aos docentes e ás familias, dotar ao profesorado e ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais e facer que o proxecto teña presenza na Web por medio do espazoAbalar.

O **espazoAbalar**, será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade. Trátase dunha moderna plataforma de última xeración desenvolvida pola Consellería e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica coa finalidade de:

- Achegar a educación aos cidadáns, incrementando a eficacia dos servizos que se lle proporcionan.
- Desenvolver as TIC no ámbito educativo, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

O novo portal do **Proxecto Abalar**, modificou a súa imaxe e conta cunha gran variedade de contidos que están dispoñibles para toda a comunidade educativa, polo que calquera usuario poderá acceder e consultar a información e funcionalidades que aí se recollan. Ao longo desta guía, mostraranse as diferentes funcionalidades e servizos destinados aos **centros**.

O novo portal do **Proxecto Abalar**, permite:

- Modificar o idioma do portal
- Realizar consultas e suxestións
- Acceder á información orientada a cada tipo de usuario e aos servizos: espazo Familias, Profesorado e Centros
- Seguir o proxecto nas redes sociais : Facebook, Twitter...
- Ler as últimas noticias relacionadas co Proxecto Abalar
- Consultar os diferentes Blogs
- Visualizar os recursos máis destacados: vídeos, audios, etc
- Consultar toda a información relevante do Proxecto Abalar
- Acceder ao Repositorio de contidos educativos dixitais
- Visualizar os videos de Abalar en Youtube
- Compartir experiencias TIC na aula con outros usuarios



Na páxina principal do portal, existe unha sección de Contidos orientados na que se recolle información de interese para os usuarios de cada apartado.

Para acceder á información para os centros, seleccione na pantalla de inicio o apartado de **Contidos orientados - Centros e Profesorado**

Selecione a opción **Centros e Profesorado**.



Dentro do apartado centros e profesorado, pode encontrar ás seguintes opcións e funcionalidades:

## Contidos

Aquí encontrará todos os contidos e noticias relativas ao espazoAbalar dirixidos aos centros: Publicacións, experiencias, guías, equipamento, recursos



## Blogs

Selección de Blogs de diferentes temáticas

## Atendémolo

Dende aquí poderá enviar a súa pregunta ou comentario sobre espazoAbalar

## Calendario

Permite ver os eventos fixados en cada mes

## Enquisas

Preguntas ás que poderá contestar sobre o Proxecto Abalar

## Aula Virtual Aberta

Aula con todos os materiais formativos do Proxecto Abalar

## Repositorio de contidos dixitais

Posibilita el acceso á plataforma de xestión, difusión e emprego dos recursos educativos dixitais

## Abalar en Facebook

Acceso ao apartado de Abalar na rede social de Facebook

## Información sobre o Proxecto Abalar

Acceso a toda a información sobre o Proxecto Abalar



Ademais do acceso ao apartado contidos orientados a centros e profesorado antes explicado, os centros tamén poderán acceder ao servizo “espazo Centros”. Para isto, será necesario que se autentifiquen e desta maneira entrarán no seu propio perfil e poderán consultar toda a información aí recollida.

Para acceder a este espazo, seleccione na pantalla de inicio o apartado de **Acceso aos servizos**.




Seleccione a opción **Acceso aos servizos**

O seguinte paso para acceder ao espazo Centros, é **autenticarse** por medio do DNIe, do certificado dixital FNMT ou do usuario e contrasinal da súa conta de correo @edu.xunta.es.

### Elixa un dos tres accesos posibles:

- DNIe
- Certificado dixital FNMT
- Usuario e contrasinal da súa conta de correo @edu.xunta.es



The screenshot shows the 'espazoAbalar' website interface. At the top, there is a navigation bar with the logo, the text 'Atendémolo/a | Accesibilidade', and language options 'GALEGO | CASTELLANO'. Below this is a banner featuring a child writing '5 x 5 =' on a chalkboard. The main content area is titled 'Acceso a espazoAbalar' and contains the following text:

Para acceder á información do portal **espazoAbalar** é necesario estar autenticado. Pódese realizar a autenticación de dúas maneiras distintas:

- Por DNI Electrónico**  
Se dispón de DNI electrónico, e desexa acceder con el, asegúrese de que o DNI está inserido no lector de tarxetas, fose configurado correctamente no ordenador e pulse no [enlace](#).  
Para obter máis información sobre os requisitos e a utilización do DNI electrónico visite a páxina do [Corpo Nacional de Policía](#).
- Por Certificado Dixital FNMT**  
Se dispón de certificado dixital da "Fábrica Nacional de Moneda y Timbre" e desexa acceder ao portal con el, logo da instalación do mesmo no navegador, pulse [aquí](#).  
Consulte a páxina do [CERES](#) para obter información sobre este certificado.
- Por usuario e contrasinal**  
Se dispón de usuario e contrasinal pode acceder ao portal pulsando [aquí](#).

At the bottom right of the instructions, there is a box with an information icon and the text: 'Só profesorado e persoal de centros'.


The footer of the page includes the Xunta de Galicia logo, copyright information, and a feed icon.

Para acceder ao espazo Centros por medio do **DNI electrónico** é necesario dispoñer dun ordenador con lector de tarxetas.

1 Introduza o DNI electrónico no lector de tarxeta

2 Seleccione a opción do DNI electrónico

3 Introduza o seu PIN e pulse **Aceptar**





Se desexa acceder ao espazo Centros por medio do **certificado dixital FNMT** siga os seguintes pasos.

1 Seleccione a opción do certificado dixital FNMT

2 Seleccione o certificado no despregable

3 Pulse o botón **Aceptar**



Para obter o certificado se se trata dunha persoa física, é imprescindible contar cun ordenador que teña acceso a Internet, acceder á páxina [www.ceres.fnmt.es](http://www.ceres.fnmt.es) e:

- I. Solicitar o certificado.
- II. Acreditar a identidade mediante personación física nunha oficina de rexistro.
- III. Descargar o certificado dende Internet no seu ordenador.




No caso de que prefira acceder por medio do **usuario e contrasinal do correo da Consellería** debe seguir os seguintes pasos:

1 Seleccione a opción do usuario e contrasinal

2 Introduza os seu usuario e contrasinal

3 Pulse o botón Entrar



### Identificación

Servizo de autentificación

Usuario/a: Sen identificar

#### Conta de usuario/a

Estase a identificar para acceder a un servizo web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por favor teclee o nome de usuario/a e o contrasinal da súa conta de correo de edu.xunta.es.

Lembre:

- Preste especial atención a se está usando maiúsculas ou minúsculas.
- Se erra varias veces no seu contrasinal, o seu usuario/a e contrasinal bloquearanse e non poderá acceder a ningún servizo web incluíndo o correo. Neste caso terá que desbloquealo accedendo ao seguinte endereço [desbloquear usuario](#), ou contactando coa Unidade de Atención a Centros (vexa a información de Contacto no pé de páxina).

Nome de usuario/a

@edu.xunta.es

Contrasinal

ENTRAR

#### Certificado dixital

##### • Por DNI Electrónico

Se dispón de DNI electrónico e quere utilizalo para acceder á aplicación insira primeiro o DNI no lector de tarxetas e despois prema no botón ENTRAR.

Para obter máis información sobre os requisitos e a utilización do DNI electrónico visite a páxina do [Corpo Nacional de Policía](#).

##### • Por Certificado Dixital FNMT

Se dispón de certificado dixital da *Fábrica Nacional de Moeda e Timbre* instalado no seu navegador e desexa acceder á aplicación con el, prema no botón ENTRAR.

Consulte a páxina do [CERES](#) para obter información sobre este certificado.



ENTRAR

Actualmente, o acceso ao espazo Centros, está dispoñible para todos os directores/as dos **centros públicos e concertados de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos e PCPI**.

Adicionalmente, estes directores/as terán a posibilidade de dar permisos de acceso a aquelas persoas do centro que o consideren apropiado.

Unha vez autenticado no **espazo Centros** poderá realizar unha variedade de accións que se explican a continuación:

Nome do usuario que accedeu ao espazoAbalar

Permite o peche da sesión na que está rexistrado

Usuario: ORTEGA LISTA, DANIEL espazo Centros

Inicio > Páxina inicial do persoal do centro

CPI Conde de Fenosa

**Daniel Ortega Lista**

**Avisos a colectivos**  
Xestión de avisos a colectivos permitiralle crear, modificar e eliminar aquelas notificacións que desexe realizar ao colectivo de responsables e/ou profesores pertencentes ao seu centro.

**Avisos a grupos**  
Xestión de avisos a grupos permitiralle crear, modificar e eliminar aquelas notificacións que desexe realizar aos responsables e titores de grupo/s do centro.

**Accións**

:: Autorizar usuarios

XUNTA DE GALICIA

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia  
Oficina de Rexistro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendémolo/a

Podese subscribirse ás novidades desta web cun lector de feeds

Posibilita a autorización de novos usuarios ao espazo Centros. Esta opción só estará dispoñible para o director/a do centro

Permite a xestión de avisos a colectivos formados por responsables ou docentes do seu centro e a xestión de avisos a grupos

Dende o espazo Centros, tanto o director/a como os usuarios que dispoñan de acceso ao mesmo, terán a posibilidade de xestionar os **avisos a colectivos** como os responsables dos alumnos/as e os profesores/as do centro.

Se desexa consultar, crear ou modificar os **avisos a colectivos**, seleccione esta opción

Para ver os avisos seleccione o **destinatario do aviso** (aviso aos responsables, aviso aos profesores ou aviso do centro (no que incluíranse todos os avisos) e pulse o botón **Buscar**

Unha vez filtrada a busca, a aplicación amosaralle os **avisos** que cumpren os requisitos marcados, así como a **data de publicación**, a **data de fin de validez** e o **autor**

Tamén ten a opción de **Eliminar** aqueles avisos que non necesita

Para **crear un novo aviso a colectivos**:

1. Pulse o botón **Crear aviso**
2. Cubra os datos que se lle solicitan: o destinatario, a data de inicio e de fin de validez, o titular do aviso e as observacións. Se o considera adecuado pode seleccionar a opción de envío do aviso por correo electrónico aos profesores
3. E finalmente, seleccione o botón **Gardar**

Seleccionando o botón **Ver detalle**, mostraráselle toda a información introducida no momento da creación do aviso. Tamén pode realizar **modificacións** en calquera dos campos. Para que se rexistren os cambios é necesario seleccionar a opción **Gardar** e no caso de que non desexe procesar os cambios seleccione **Voltar**

O espazo Centros tamén lle permite aos directores/as dos centros e ás persoas con permisos, realizar **avisos** e consultas daqueles avisos realizados aos responsables e titores dun ou varios **grupos** de alumnos/as.

Para xestionar os avisos realizados aos responsables, titores/as ou profesores/as dun grupo de alumnos/as, seleccione o apartado **Avisos a grupos**

Esta sección amosa a **información** de todos os **avisos a grupos**, creados anteriormente, detallando o asunto, a data de publicación, a data de validez e o autor do aviso

Tamén ten dispoñible en todo momento a opción de **Eliminar** aqueles avisos que non considere necesarios

Usuario: ORTEGA LISTA, DANIEL    espazo Centros    Sair

Inicio > Avisos a grupos

**Daniel Ortega Lista**

CPI Conde de Fenosa

2 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Aviso	Publicado	Fin validez	Autor		
Aviso do centro para 4º ESO B	17/03/2011	31/03/2011	Daniel Ortega Lista	Ver detalle	Eliminar
Aviso do centro para o grupo 4º A	17/03/2011	31/03/2011	Pedro Díaz Pérez	Ver detalle	Eliminar

2 elementos atopados, amosando todos os elementos.

**CREAR AVISO**

**Detalle de aviso**

CPI Conde de Fenosa

Educación Infantil

4º Inf-A    4º Inf-B    5º Inf-A    5º Inf-B    6º Inf-A    6º Inf-B

Seleccionar todos

Educación Primaria

1º Pri-A    1º Pri-B    2º Pri-A    2º Pri-B    3º Pri-A    3º Pri-B

4º Pri-A    4º Pri-B    5º Pri-A    5º Pri-B    6º Pri-A    6º Pri-B

Seleccionar todos

Educación Secundaria Obligatoria

1º ESO-A    1º ESO-B    2º ESO-A    2º ESO-B    3º ESO-A    3º ESO-B

4º ESO-A    4º ESO-B

Seleccionar todos

Data inicio validez

Data fin validez

Aviso

Observacións

**GARDAR**   **VOLTAR**

Para **crear un novo aviso a grupos**:

1. Prema o botón **Crear aviso**
2. Active o/os grupo/s aos que desexa enviar o aviso, introduza a data de inicio e de fin de validez, o titular do aviso e as observacións
3. E seleccione o botón **Gardar**

Unha vez creados os avisos a grupos, pode dispoñer de toda a información introducida no momento da súa creación seleccionando o botón **Ver detalle**. Tamén pode realizar **modificacións** dos avisos en calquera dos campos e para que se rexistren estes cambios tan só ten que premer o botón **Gardar**. No caso de que non desexa procesar os cambios seleccione **Voltar**

Coma director/a dun centro educativo, tamén pode dar permisos e **autorizar\*** a outras persoas do centro para poder xestionar e consultar o espazo Centros.

Acceda á acción de **Autorizar usuarios**, para dar permisos de acceso a este espazo a outras persoas do seu centro

Este apartado ofrece a listaxe das persoas ás que o director/a deu acceso anteriormente, informando **do DNI, ou usuario da Consellería e o nome**

Neste caso, tamén é posible **Eliminar** os permisos ás persoas que considere adecuado

Atendémolo/a | Accesibilidade

GALEGO | CASTELLANO

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Usuario: ORTEGA LISTA, DANIEL espazo Centros Sair

Inicio > Usuarios Autorizados

**Daniel Ortega Lista**

- Avisos a colectivos
- Avisos a grupos

**Acciones**

- Autorizar usuarios

CPI Conde de Fenosa

Número Identificador	Usuario	Nome	
99000181Q	pedrodiaz	Pedro Díaz Pérez	Eliminar

Filtros para a busca  
Indique polo menos un filtro e prema o botón Buscar

Tipo DNI  DNI  99000180S

Nome de usuario  @edu.xunta.es

**1** Registrar **2** **3** BUSCAR LIMPIAR

Resultados da busca:

Número de Identificación	Nome	Opcións
99000180S	Pedro Díaz Pérez	<b>4</b> Autorizar

Para **Registrar un novo usuario no espazo Centros**:

1. Prema o botón **Registrar**
2. Empregue un dos **filtros** dispoñibles para realizar a busca da persoa á que desexa dar acceso: número de identificador ou conta de usuario da Consellería de Cultura e Educación
3. Unha vez introducido un dos filtros, seleccione o botón **buscar** para que a aplicación lle amose os datos do usuario ao que desexa dar permisos ao espazo Centros ou o botón **limpiar** para introducir novos datos de procura
4. Para confirmar a autorización desta persoa, seleccione o botón **Autorizar**

\* A acción de Autorizar usuarios tan só está dispoñible para os directores/as dos centros

Coa finalidade de completar a información a disposición dos responsables, é preciso que, tal e coma viña facendo anteriormente, actualice os datos das cualificacións e as faltas de asistencia en XADE, desta maneira, os pais e nais poderán consultar estes datos por medio do espazo Familias.

Os principais cambios que se procesan en XADE son os referidos á publicación de cualificacións\*. Este apartado permite publicar de forma individual as notas de cada avaliación dun grupo ou realizar a publicación de maneira conxunta para todos os grupos.

**Publicación de cualificacións**

Ensinanza: Educación secundaria obrigatoria

Grupo	Avaliación	Publicada	Data publicación
1º ESO - A	1ª Ava.	Si	10/01/2011
1º ESO - A	2ª Ava.	Non	
1º ESO - A	3ª Ava.	Non	
1º ESO - A	Ord.	Non	
1º ESO - A	Extra.	Non	
1º ESO - B	1ª Ava.	Non	
1º ESO - B	2ª Ava.	Non	
1º ESO - B	3ª Ava.	Non	
1º ESO - B	Ord.	Non	
1º ESO - B	Extra.	Non	
2º ESO - A	1ª Ava.	Non	
2º ESO - A	2ª Ava.	Non	
2º ESO - A	3ª Ava.	Non	
2º ESO - A	Ord.	Non	
2º ESO - A	Extra.	Non	
2º ESO - B	1ª Ava.	Non	
2º ESO - B	2ª Ava.	Non	
2º ESO - B	3ª Ava.	Non	
2º ESO - B	Ord.	Non	
2º ESO - B	Extra.	Non	
3º ESO - A	1ª Ava.	Non	

Avaliación: --

**1.a** Pulse no despregable e seleccione a opción **Si**, se quere *publicar* as cualificacións *individualmente*

**1.b** Para publicar as *cualificacións* dunha avaliación para todos os *grupos* prema no **despregable** e seleccione o botón **Publicar**

**2** Prema o botón **Aceptar** para que se rexistren os cambios

\* Para máis información, consulte o manual existente na Axuda de Xade: Manual Xade-espazoAbalar.

Adicionalmente, tamén ten acceso ao **Repositorio de contidos educativos**, o cal está aberto a todos os visitantes e non require dunha autenticación previa como no caso do espazo Centros.

Para acceder ao Repositorio de contidos educativos tan só ten que seleccionar esta opción na pantalla de inicio:



1  
Selecione o espazo de Repositorio de contidos educativos

No caso de que se atope no espazo Centros, tamén pode acceder ao Repositorio de contidos educativos seguindo os seguintes pasos:

- 1 Prema no botón de **“Inicio”**.
- 2 Unha vez na pantalla principal do espazoAbalar, seleccione o **apartado do Repositorio**.

Unha vez no **Repositorio de contidos dixitais**, ten acceso aos últimos contidos publicados. Tamén pode sinalar a ensinanza, o curso e a materia para ver os recursos educativos dispoñibles en cada nivel educativo.

**1** O inicio do Repositorio amosa unha listaxe dos últimos recursos publicados e permítelle **ver o detalle** dos contidos (procedencia, destinatarios, etc.), **descargalos** ou **visualizalos** directamente dende o espazoAbalar



**2** Para acceder aos recursos educativos dixitais é preciso **seleccionar o nivel educativo**



**3** Acceder á **materia** sobre a que se desexa atopar os contidos dixitais



**4** E **seleccionar o** recurso desexado




O Repositorio de contidos dixitais, tamén ofrece un buscador de recursos dixitais.

1 Para atopar un contido educativo concreto pode empregar o **Buscador**

2 O buscador ofrécelle a posibilidade de **escribir algún termo clave** do recurso que desexa, ou realizar unha **busca avanzada** na que terá que seleccionar diferentes criterios de busca (enseñanza, nivel educativo, tipo de licenza, etc). Para que se proceda á busca tan só ten que pulsar o botón **Buscar**

3 A continuación amosanse todos os recursos educativos que cumpren o criterio de busca



Do mesmo xeito que no caso do Repositorio de Contidos, para acceder ao apartado de **Blogs Abalar** non é necesario estar autenticado, xa que é accesible para todos os visitantes.

Ao apartado de **Blogs Abalar** pódese acceder de dúas maneiras:

1) Dende a páxina principal do portal:



Seleccione no apartado de **Blogs Abalar** o título do Blog que desexa consultar

2) No apartado de contidos orientados a centros e profesorado:



Seleccione no apartado de **Blogs** que lle poden interesar, o Blog que desexa consultar

Unha vez seleccionado o Blog que se quere consultar aparece a seguinte pantalla:

The screenshot shows the 'espazoAbalar' website interface. At the top, there's a navigation bar with 'Atornémolo | Accesibilidade | Mapa Web' and 'GALGO | CASTELÁN'. Below the header, there are sections for 'Contidos orientados' (Alumnado e Familias, Centros e Profesorado, Premios), 'Últimos artigos' (Tecnoloxía (2)), and a featured blog post. The featured post is titled 'Blogs Abalar: Contando ata un' and includes a call to action 'Cal é a temática deste blog?' with a text box and a 'Enviar' button. Below this, there's a section 'Sobre os autores' featuring Juan José Fernández García, Director do CEP Sai Lenda de Coruña. At the bottom, there's a section 'A súa petición' with a form containing fields for 'Pregunta', 'Nome', and 'Correo electrónico', and an 'Enviar' button.

### Cal é a temática deste blog?

Este apartado informa acerca do tema do blog que se está consultando

### Sobre os autores

Información acerca do autor ou autores do Blog

### Cal é a temática deste blog?

Quais debamos aprender e contar at ata un... porque cada "un" e cada "unha" son únicos, diferentes e irremplazables. Blog sobre as TIC na atención á diversidade nunha escola inclusiva.

### Sobre os autores

Juan José Fernández García  
Director do CEP Sai Lenda de Coruña, presidente da asociación TADIGA e membro de varias entidades asociadas vinculadas ao ámbito educativo e ao aproveitamento nal das ferramentas dixitais.

### A súa petición

Pregunta:

Nome:

Correo electrónico:

### Voto e Resultado

Esta opción permite que se **Vote** o blog que se está consultando. Ademais na opción de **Resultado** pódese consultar a puntuación obtida para o presente Blog

### A súa petición

Posibilita a opción de facer algunha consulta acerca dos Blogs xa existentes, ou propor e solicitar un novo tema para un Blog. Para iso é necesario cubrir os tres campos e pulsar **Enviar**



**XUNTA  
DE GALICIA**